



ACHÉGASE UNHA NOVA EDICIÓN DO PROTOCOLO DE VIXILANCIA E CONTROL EPIDEMIOLÓXICO FRONTE AO COVID-19, NO AMBITO EDUCATIVO NON UNIVERSITARIO DE GALICIA.

O Ministerio de Sanidade vén de publicar os novos protocolos de xestión epidemiolóxica en centros educativos (Aprobados 08-01-2022).

Destacamos a continuación os aspectos principais a ter en conta:

AULAS DE INFANTIL E PRIMARIA:

CASOS CONFIRMADOS:

Illamento domiciliario ata pasados **7 días** desde a recollida da mostra diagnóstica e ata levar **3 días** sen síntomas .

Asintomáticos: illamento de 7 días desde a recollida da mostra.

NOTA: Non será necesario realizar unha nova proba para suspender as medidas de illamento e reincorporarse á actividade laboral ou escolar.

MANEXO DOS CONTACTOS ESTREITOS ANTE A APARICIÓN DE CASOS NOS CENTROS EDUCATIVOS: DIFERENCIAMOS DOUS ESCENARIOS:

A) Casos esporádicos ata 4 casos positivos ou menos do 20% dos integrantes da contorna, en 7 días:

- Non realizarán corentena, soamente **realizarán corentena de 7 días** as persoas **inmunodeprimidas**.
- **O equipo COVID**, informará aos profesores e á familia **recomendando extremar as precaucións durante 10 días posteriores ao contacto co positivo**.
- Os contactos estreitos dun positivo terán á súa disposición un **test de antíxeno**.
- **Importante: non acudir** ao centro si se presentan síntomas.

B) 5 Casos positivos ou máis; $\geq 20\%$ dos integrantes da contorna, en 7 días:

- Nos casos nos que **estean vacinados coa dobre dose** ou se **pasaron a COVID** nos seis meses anteriores, **non teñen que facer corentena**. Nestes casos vixilancia durante 10 días.

A excepción serán sempre **as persoas inmunodeprimidas, que farían corentena en tódolos escenarios nomeados**.

- **Casos sen vacina:** será **Xefatura de Sanidade** quen estableza as medidas específicas en caso de ter que gardar corentena.